

POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
03 NOVEMBRO 2019

O teu amor faime descender e crecer: convérteme!

1. VER: Hai persoas que me queren.

-A meu redor encóntrome cada día con persoas ás que saúdo pola rúa, no cole, os veciños. Pero hai algúns aos que noto polo seu sorriso, a súa mirada que son especial para eles...

*Para quen sou especial, querido? En que o noto?
Cando me sinto querido, que son capaz de facer?*

2. XULGAR: Deus só é atopado polos humildes.

-No evanxeo deste domingo, o pequeno Zaqueo, un cobrador de impostos avaro. Rico e odiado por todos, quere ver a Xesús. Sóbese a unha figueira. Xesús dáse conta e dille: ***“Zaqueo, baixa, porque hoxe quedo na túa casa!”***. E que gran cambio deu Zaqueo ao sentirse querido.

-Comezamos dialogando sobre quen era Zaqueo, a que se dedicaba, por que subiu a unha figueira, que lle dixo Xesús ao velo, como reaccionou?

QUE NOS QUERE DICIR XESUS?

1. XESÚS QUÉRETE, MÍTATE CON AGARIMO:

*Xesús ve a Zaqueo no alto, fíxase nel, ve a súa tristeza (moito diñeiro pero moita pobreza), non o critica nin o condena, mírao con tenrura.

*Xesús quérete, mírate con agarimo, sabe o teu nome, es importante para el, compréndete e perdóate...

2. XESÚS QUERE IR Á TÚA CASA E ESTAR CONTIGO:

*Xesús chama a Zaqueo e dille que quere ir á súa casa.

*Xesús quere ir á túa casa, coa túa familia, que lle recedes xuntos. Quere entrar na casa do teu corazón cada domingo preparándote ben: “Eu non son merecente” e dándolle grazas despois.

3. O AMOR DE XESÚS FAINO DESCENDER, CRECER CAMBIAR:

*O empequenecido Zaqueo, ao verse valorado e querido, baixa pola escaleira do amor e comeza a crecer, a facerse grande como persoa... Convértese a Xesús: “a metade dos meus bens doulla aos pobres”...

*Tamén Xesús quere dicirche: “hoxe chegou a salvación de esta casa”.

Que che te está pedindo Xesús?

3. ACTUAR: Pídelle a Xesús que te converta.

-Vaite a Xesús e déixao que te mire con agarimo, cos teus fallos e as túas carencias e dille que cambie o teu corazón, que te perdoe, que te dea a felicidade profunda de ser o seu amigo.

-Lévaos contigo á túa casa, pon na túa casa algo que cho recorda, rezade xuntos. Dialogade que facer para que Xesús estea máis presente no voso fogar: cruz, bendición da mesa, biblia visible...

-Prepárate ben para comungalo: dille con fe: “Señor non son merecente”.

En que poderías mellorar? Que imos facer?

A PALABRA

SABEDORÍA 11, 22-12, 2:

Compadéceste de todos, porque amas a todos os seres.

Señor, o mundo enteiro é diante túa como un gran na balanza, como pinga de orballo mañanceiro sobre a terra. Pero compadéceste de todos, porque todo o podes e **pasas por alto os pecados dos homes para que se arrepan.**

Amas a todos os seres e non aborreces nada do que fixeches; pois, se odiases algo, non o crearías. Como subsistiría algo, se ti non o quixeses?, ou como se conservarían, se ti non o chamases?

Pero ti es indulxente con todas as cousas, porque son túas, Señor, amigo da vida. Pois o teu sopro incorruptible está en todas elas.

Por iso corrixe aos poucos aos que caen, repréndelos e recórdalles o seu pecado, para que, apartándose do mal, crean en ti, Señor.

Palabra do Señor.

Sal 144: R/. Bendicirei o teu nome por sempre, meu Deus, meu rei.

2º TESALONICENSES 1, 11-2, 2: Que Cristo sexa glorificado en vós, e vós nel.

LUCAS 19, 1-10: O Fillo do home veu buscar e salvar o que estaba perdido.

Narrador: Naquel tempo, Xesús entrou en Xericó e ía atravesando a cidade. Nisto, un home chamado Zaqueo, xefe de publicanos e rico, trataba de ver quen era Xesús, pero non o lograva a causa do xentío, porque era pequeno de estatura. Correndo máis adiante, subiuse a un sicómoro para velo, porque tiña que pasar por alí. Xesús, ao chegar a aquel sitio, levantou os ollos e díxolle:

Xesús: -«*Zaqueo, dáte présa e baixa, porque é necesario que hoxe me quede na túa casa*».

Narrador: El deuse présa en baixar e recibíuno moi contento. Ao ver isto, todos murmuraban dicindo:

Veciños: -«*Entrou a hospedarse na casa dun pecador*».

Narrador: Pero Zaqueo, de pé, dixo ao Señor:

Zaqueo: -«*Mira, Señor, a metade dos meus bens doulla aos pobres; e se defraudei a algún, restituíolle catro veces máis*».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Hoxe chegou a salvación a esta casa, pois tamén este é fillo de Abrahán. Porque o Fillo do home veu buscar e a salvar o que estaba perdido*».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús-Veciños-Zaqueo).